

Antidisturbios irrompen nunha marcha pacífica en Toralla

Escrito por VM

Luns, 10 Setembro 2007 02:23



A policía cargou inxustificadamente contra varios participantes cando a marcha abandoaba tranquilamente a illa e na que participaban nenos e nenas de pouca idade.

[Ver video](#)

O pasado sábado 8 de setembro celebrouse, tal como estaba programado, un acto lúdico e pacífico en reivindicación do uso e disfrute público da illa de Toralla, organizado polo colectivo vigués Xogo Descuberto.

Neste acto solicitábanse os seis metros de linde ó redor da illa para uso común, que ven descrito na vixente lei de costas do ano 88. Os asistentes tamén pretendían denunciar o impacto ambiental e visual da torre de Toralla e outras construcións.

Participaron ó redor de 300 persoas, entre “piratas” músicos, bañistas, nenos e maiores que de xeito simbólico tomaron a illa. Lido o comunicado, os participantes recolléron as faixas e rematou a concentración.



Acabado o acto, un bo número de participantes entraron na illa dando un paseo pola vía pública. Foi o momento no que tres furgóns antidisturbios irrumpiron entre os paseantes de xeito totalmente inxustificábel, con actitudes violentas, porras en man alzada, empurróns e outras agresións, ofrecendo unha pésima imaxe aos nenos e nenas asistentes.

Os colectivos participantes (Xogo Descuberto, A.C. A Revolta, A.C. Caleidoskopio, A.X. Luar, Bouzas-movete, G.A.S, Salvemos Monteferro e Verdegaia) resaltan que

Antidisturbios irrompen nunha marcha pacífica en Toralla

Escrito por VM

Luns, 10 Setembro 2007 02:23

o máis significativo é que a maioría das agresións se produciron no intre en que a xente abandoaba tranquilamente a illa, destacando a sufrida por un cámara e por outros transeúntes que recibiron máis dun porrazo.

Os colectivos denuncian unha actitude abusiva e provocadora das forzas de seguridade do Estado.

A subdelegación do goberno, responsable das forzas de orde público, non se pronunciou ante os feitos.